



Programas de conciliación nos tempos cotiáns da infancia en Galicia

Laura Varela-Crespo, M. Esther Martínez-Figueira**, Héctor M. Pose Porto***

Universidade de Santiago de Compostela, **Universidade de Vigo, ***Universidade da Coruña

Resumo

O traballo que se presenta forma parte do proxecto de investigación denominado “A conciliación nos tempos cotiáns da infancia en Galicia: problemáticas específicas e alternativas pedagóxico-sociais e prácticas de lecer nas escolas, familias e comunidades (CONCILIA_D@S)”, financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na convocatoria de Emerxentes (2014-PG004). A análise toma como referencia os programas de conciliación que ofrecen os concellos das sete cidades galegas durante as vacacións escolares do ano 2015. Neste marco, sinálanse os aspectos converxentes das iniciativas presentadas, o seu influxo no benestar e no lecer infantil e algunhas recomendacións referidas á coeducación.

Palabras clave: conciliación, familia, infancia, municipio.

Introdución

O proxecto de investigación “A conciliación nos tempos cotiáns da infancia en Galicia: problemáticas específicas e alternativas pedagóxico-sociais e de lecer nas escolas, familias e comunidades (CONCILIA_D@S)” (Programa Emerxentes) desenvolvido por investigadoras e investigadores das Universidades de Santiago de Compostela (USC), A Coruña (UdC) e Vigo (UVigo), continúa cunha liña de investigación levada a cabo desde hai varias décadas polo grupo SEPA-*interea* (Pedagogía Social e Educación Ambiental) ao redor dos tempos educativos e sociais; comezando a súa traxectoria en resposta ao encargo institucional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para realizar a ‘avaliación da xornada escolar de sesión única en Galicia’, considerada por aquel entón (1989) de tipo experimental. Á primeira investigación, seguiron outras centradas na análise de diversos tópicos relacionados co estudo dos tempos e a súa influencia na socialización e calidade de vida da infancia e das súas familias.

No marco desta liña de estudo, iniciouse a finais de 2008 o proxecto CONCILIA, de carácter bienal, co obxectivo de coñecer e interpretar como se organizan e concilian os tempos cotiáns da infancia e das familias na Galicia urbana, en relación aos tempos escolares e ás actividades de ocio. Asumíase como hipótese de partida que a complexidade inherente á vida urbana e ás interaccións sociais que a conforman, están xerando cambios substanciais nas percepcións e usos dos tempos persoais e colectivos, o que dificulta, e incluso chega a impedir unha adecuada conciliación dos tempos públicos e privados. Dando continuidade a esta perspectiva, desenvólvese desde finais de 2014 o proxecto CONCILIA_D@S, que pretende coñecer como se organizan e concilian os tempos cotiáns da infancia e das familias en Galicia (tanto no rural como no urbano), tendo en conta que esta complexidade viuse

incrementada nos últimos anos debido á crise socioeconómica, xerando e/ou intensificando situacións que dificultan, e mesmo chegan a impedir, a conciliación dos tempos que afectan aos ámbitos público (laboral, institucional, social, etc.) e privado (familiar, doméstico).

Entre os obxectivos do proxecto, preténdese identificar e propor -en clave prospectiva- medidas de conciliación e experiencias orientadas a posibilitar actuacións alternativas na Educación do Ocio infantil. Baixo esta orientación, realízanse as argumentacións e análises que presentamos.

Conciliación, lecer infantil e acción socioeducativa municipal

A conciliación dos tempos laborais, persoais e familiares ten sido un tema amplamente debatido nos últimos anos ante a necesidade de que -nunha sociedade en constante cambio- as políticas públicas sexan quen de facilitar á cidadanía as mellores estratexias para que todas as persoas teñan o dereito a desenvolver unha vida plena, nun marco de igualdade de oportunidades. Foi a finais da década dos noventa, na Unión Europea, e posteriormente os Estados membros, cando se incorporaron nas políticas de emprego accións vinculadas á conciliación da vida familiar e laboral en resposta á necesidade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aínda que en realidade “as normativas aprobadas se relacionaban coa volta ao fogar de moitas mulleres mediante a solicitude dunha excedencia temporal e/ou unha redución de xornada como estratexia para “facilitar a conciliación” sen revisar o contrato entre os xéneros establecido no patriarcado” (Pateman, 1995; cit. por Alcañiz, 2015: 32).

As políticas de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia desenvolvéronse paralelamente ao avance en diferentes institucións europeas e españolas. Cabe salientar que a partir dos anos 90 leváronse a cabo diversas actuacións públicas en materia de igualdade entre mulleres e homes, actuacións que progresaron seguindo en gran medida a lóxica evolutiva das distintas políticas de xénero, desde as políticas de igualdade de oportunidades até o *mainstreaming*, pero tamén condicionadas pola cor política do goberno” (Diz e Lois, 2013: 32). Foi a aprobación da *Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da igualdade do home e da muller* o punto de partida do feminismo institucional e a introdución das políticas de igualdade a nivel autonómico, con avances e retrocesos desde aquel entón.

A día de hoxe, aínda son moitos os desafíos a afrontar en materia de conciliación e corresponsabilidade na nosa Comunidade Autónoma, pois como afirman

Caballo, Gradañlle e Merelas (2012: 184), “a vida cotiá das familias galegas mostra que a dificultade para conciliar o ámbito privado-familiar coa vida pública segue a ser un elemento que condiciona a calidade do tempo compartido, sendo as nais as que acusan de forma máis intensa esta realidade dado que os roles tradicionais permanecen activos na esfera doméstica, oprimindo o tempo feminino que sempre está ao servizo do benestar familiar”. En consecuencia, as políticas públicas –e especificamente as de carácter local– han de ir máis alá do rol de nai tradicional da muller no marco da familia e da concepción da conciliación como “un problema das mulleres” para orientarse cara a corresponsabilidade.

Unha necesidade que se recolle na *Enquisa do emprego do tempo* elaborada polo INE-IGE no ano 2003 (Rodríguez Galdo, 2009) que, aínda que pon de manifesto que os homes galegos dedican ás tarefas do fogar un tempo significativamente superior á media española, esta maior dedicación encubre unha certa especialización de xénero na medida en que as mulleres maioritariamente se ocupan nos traballos de cociña e mantemento da casa e os homes na xardinería e o coidado dos animais; sendo esta a única actividade do fogar á que os homes dedican máis tempo que as mulleres. Centrándonos no coidado dos menores, despréndese que se trata dunha tarefa un pouco máis equitativa no seu reparto entre varóns e mulleres, con porcentaxes do 14% e o 18% respectivamente.

Sen embargo, no caso das mulleres, o coidado de menores supón un maior impedimento para desempeñar un traballo remunerado ou para mellorar o seu nivel de ingresos; mentres que para os homes a incidencia é mínima. Unha situación que, xunto con outras variables que apuntan na mesma dirección (atención ás persoas maiores, etc.), reflexa que a feminización do coidado segue a ser a tónica dominante. Desde esta perspectiva, as políticas públicas xogan un papel crucial para axudar a mitigar as desigualdades e garantir unha atención adecuada da infancia perante a falta de sincronía entre os tempos familiares, escolares, laborais e sociais, sendo os horarios unha das principais fontes de desencontro entre os diferentes sectores da comunidade educativa. As presións do mundo laboral levan aos adultos a reclamar servizos de atención á infancia (programas de madrugadores, actividades extraescolares, etc.) que –de non estar adecuadamente orientados– poden chegar a subordinar os tempos libres dos nenos e nenas á mera custodia, inmersos en actividades repetitivas limitadas ao mero “entretemento”, sen garantir o seu dereito a un lecer lúdico-formativo que sexa realmente beneficioso, enriquecedor e satisfactorio para a infancia.

Nesta liña, é responsabilidade da Administración Local desenvolver políticas de tempo de carácter integral como unha alternativa máis ambiciosa ás políticas de conciliación, contribuíndo a superar as dificultades na organización das diversas temporalidades tendo en conta unha perspectiva global do territorio que garanta o acceso aos servizos municipais e o benestar de toda a cidadanía. As políticas do tempo teñen como finalidade última propiciar o cambio da organización temporal vixente nas

sociedades do benestar, situando a cidade e a vida cotiá como o escenario ideal para desenvolver ditas políticas (Borràs, Torns e Moreno, 2007).

Unha ollada educativa e social, na que nos posicionamos, que afonda na complexidade e multidimensionalidade da conciliación poñendo de manifesto que a busca de solucións ante a falta de sincronía entre as múltiples temporalidades da vida cotiá das persoas é unha tarefa que compete ao conxunto da sociedade (empresas, centros educativos, servizos públicos, etc), sendo os municipios un axente clave en canto constitúen o nivel da Administración máis próximo á cidadanía que coñece –ou debera coñecer– de primeira man as súas necesidades: “se a proximidade é un valor, a Administración local, as iniciativas e realizacións que esta desenvolve poden contribuír decisivamente a redefinir o labor educativo que se executa no seo do seu territorio con e para os seus administrados” (Fraguela, Pose e Varela Garrote, 2011: 64).

Nesta liña, téñense levado a cabo iniciativas que promoven unha vivencia máis humana e solidaria dos espazos urbanos, como os plans reguladores do tempo da cidade, os bancos de tempo, etc.

Dos múltiples desencontros que se producen entre as familias e a escola debido aos desaxustes temporais entre a xornada laboral e o calendario e horario escolar, o período de vacacións estivais dos nenos e das nenas preséntase como un dos que xera maiores conflitos, xunto có tipo de xornada lectiva (continua vs. partida). Máis alá do amplo debate en torno á distribución das vacacións escolares no Estado español en comparación con outros países da Unión Europea e da diferente percepción que país, profesorado e alumnado manifestan en torno a esta cuestión (Morán e Varela, 2011), na práctica cotiá o coidado e atención á infancia durante os períodos non lectivos é xeralmente delegado a outros familiares (principalmente os avós), aos servizos escolares, aos servizos municipais e/ou á iniciativa empresarial. Segundo Fraguela, Lorenzo e Varela Garrote (2011: 440), “a menor nivel de conciliación, máis se recorre ao apoio dos familiares, do colexio ou á contratación dunha persoa que coide aos fillos”; é dicir, son as familias que contan con maiores dificultades para compaxinar os tempos as que máis uso fan destes servizos.

Un tempo, o das vacacións estivais, potencialmente educativo no que a Administración local debe velar porque as oportunidades das que os nenos e nenas dispoñen para desenvolver o seus ocios sexa en condicións reais de igualdade. Do contrario, córrese o risco de que o tempo de vacacións pase a ser un tempo de desigualdade para a infancia, unha situación que se repite no horario extraescolar: “só hai que ver o que fan os alumnos de calquera centro a partir das cinco da tarde. Mentres que algúns van a clases de música, ao centro de ocio, ou a facer deporte, outros están solos na casa diante do televisor ou correndo pola rúa sen ningún tipo de control. Paradoxalmente, estes nenos e nenas que máis se poderían beneficiar destas actividades, moitas veces non teñen acceso, xa sexa por motivos

económicos ou por desinterese das familias” (FAPAC e Fundació Catalana de l’Esplai, 2002: 12).

Neste marco, o compromiso có lecer infantil é esencial, fundamentalmente polas oportunidades que ofrece a acción socioeducativa no tempo libre ao benestar da infancia, entendido como un tempo propio que posibilita o desenvolvemento das potencialidades dos nenos e das nenas, da súa creatividade e o establecemento de vínculos positivos con outras persoas e coas súas comunidades. Un ocio –dirá Cuenca (1999)– entendido no marco do desenvolvemento humano e dentro dun compromiso social: unha experiencia de ocio gratificante e non utilitaria desde calquera das súas dimensións (lúdica, creativa, festiva, ambiental-ecolóxica e solidaria). En consecuencia, garantir o dereito da infancia a xogar, a descansar, a divertirse e a realizar as actividades que máis lle gusten, recollido no artigo 31 da Convención sobre os Dereitos do Neno (1989) –asumida polo Goberno galego no preámbulo da *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia*– debe ser unha responsabilidade compartida na que os municipios teñen un quefacer ineludible.

Programas municipais de conciliación no verán: unha aproximación á Galicia urbana

Neste apartado ofrécese unha panorámica dos programas de conciliación que están sendo promovidos polos concellos das sete cidades galegas durante as vacacións escolares do presente ano 2015, có fin de dar conta das diversas formas de entender a conciliación e o significado que se lle atribúe ao lecer infantil. Unha análise -na que haberá que continuar afondando- que resulta necesario levar a cabo desde a Pedagogía-Educación do Ocio, dado que se ben é certo que se teñen incrementado os estudos sobre as estratexias que posibilitan a asunción de responsabilidades compartidas entre mulleres e homes, as indagacións ao redor das experiencias de ocio da infancia neste tipo de iniciativas son escasas.

Os programas de conciliación das sete cidades galegas que no verán 2015 se están a levar a cabo (véxase táboa 1) responden ao obxectivo xeral de facilitar a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais, beneficiando tanto á infancia como á unidade familiar no seu conxunto e apoiando especificamente ás mulleres no seu proceso de participación sociolaboral. Noutras palabras, trátase de cubrir as necesidades de conciliación das familias fóra do horario escolar nesta época estival. En concreto, os obxectivos propios de cada programa son os seguintes:

- *Canguros Municipais (A Coruña)*. Pretende cubrir as necesidades de conciliación das unidades familiares fóra do horario escolar. Son obxectivos do mesmo fomentar a corresponsabilidade no ámbito doméstico, familiar e social, a través da programación de actividades dirixidas aos nenos e ás nenas participantes nas distintas modalidades e, no seu caso, ás súas familias.
- *Espazos de atención á infancia (A Coruña)*. Trátase da realización de actividades de carácter lúdico-educativas con menores durante todo o ano para contribuír á conciliación das unidades familiares. Os seus obxectivos oriéntanse ao fomento da educación para a igualdade, así como a favorecer a conciliación persoal, familiar e laboral.
- *Ludoteca coeducativa (A Coruña)*. A través dun espazo socioeducativo realízanse tarefas para o desenvolvemento da infancia. Así procúrase favorecer o desenrolo persoal, social, afectivo e cognitivo das nenas e dos nenos a través do xogo, ao tempo que se promove a educación para a igualdade.
- *Programa municipal de conciliación de verán (Santiago de Compostela)*. Neste programa ofrécense diferentes actividades para os meses de xuño, xullo e setembro coa finalidade de ofrecer unha alternativa no tempo libre. Preténdese favorecer a conciliación da vida familiar e laboral; desenvolver valores de cooperación, respecto e tolerancia; así como dar a coñecer o medio, a natureza e a importancia do seu coidado e protección.
- *Aulas abertas (Lugo)*. Programación de actividades lúdico-educativas (xogos cooperativos, xogos musicais, traballos manuais, psicomotricidade e educación ambiental) destinadas a menores empadroados na cidade lucense có fin de que as familias poidan conciliar a vida familiar e laboral.
- *Espazo Coeduca (Ourense)*. Realízanse actividades coa finalidade de levar a cabo un cambio persoal e familiar a través do desenvolvemento de hábitos, condutas e actitudes favorecedoras da autoestima e o benestar persoal. Os obxectivos céntranse en crear un espazo de aprendizaxe, lúdico e creativo; ofrecer un espazo alternativo e igualitario de aprendizaxe e ocio adaptado ás necesidades, tempos e conciliación das familias; así como facilitar unha aprendizaxe transformadora.
- *Pontevedra 2015 (Pontevedra)*. Este programa ofrece diferentes tipos de actividades para a infancia e a mocidade durante as vacacións có obxectivo de fomentar a igualdade, a convivencia, o respecto ao medio, o coñecemento da propia cultura e a promoción da actividade física e o deporte.
- *Campamentos urbanos (Ferrol)*. Realízanse có fin de axudar ás familias a conciliar a vida familiar e laboral, ao tempo que os nenos/as realizan actividades lúdicas como manualidades, saídas pola zona, paseos en bicicleta, etc.
- *Verán Xove (Vigo)*. Este programa ofrece actividades diversas para a infancia e a mocidade có obxectivo de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade. Ademais preténdese favorecer a participación xuvenil e facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes. En relación á infancia, desenvólvense os campamentos urbanos (entre 4 e 17 anos) que inclúen actividades

deportivas, aprendizaxe de linguas, aproximación á historia da cidade, etc., e os espazos de tempo libre (entre 4 e 12 anos) orientados á empregar o tempo

de lecer realizando obradoiros, xogando, creando e divertíndose cós compañeiros/as.

Táboa 1.

Programas municipais de conciliación familiar (verán 2015)

Cidade	Concellería que promove	Nome do programa/servizo (url)	Obxectivos	Persoas destinatarias	Idades	Tipoloxía de actividades
A Coruña	Xustiza Social e Coidados	Canguros Municipais (https://goo.gl/K7HdOV)	Explícitos	Unidades familiares con necesidades de conciliación persoal, familiar e/ou laboral	Non se especifican	Non se especifican
	Xustiza Social e Coidados	Espazos de atención á infancia (https://goo.gl/oac83Z)	Explícitos	Familias con problemáticas asociadas á conciliación e nenos/as	Entre 4 e 12 anos	Si se especifican
	Xustiza Social e Coidados	Ludoteca coeducativa (https://goo.gl/jzjdgx)	Explícitos	Familias con problemáticas asociadas á conciliación e nenos/as	Entre 4 e 12 anos	Si se especifican
Ferrol	Benestar	Campamentos urbanos (sen especificar)	Non explícitos	Nenos/as escolarizados en E. Infantil e Primaria	Entre 3 a 12 anos	Non se especifican
Santiago	Educación e Cidadanía	Programa municipal de conciliación de verán (http://santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=13268&lg=cas)	Explícitos	Nenos/as escolarizados en E. Infantil e Primaria	Entre 3 a 12 anos	Si se especifican
Lugo	Benestar Social	Aulas abertas (http://goo.gl/VIndkK)	Explícitos	Nenos/as escolarizados en E. Infantil e Primaria	Entre 3 a 11 anos	Si se especifican
Ourense	Igualdade	Espazo Coeduca (http://goo.gl/raOrZf)	Explícitos	Nenos/as escolarizados en E. Infantil e Primaria	Entre 4 a 10 anos	Si se especifican
Pontevedra	Xuventude	Pontevedrán 2015 (http://xuventude.pontevedra.eu/)	Explícitos	Nenos/as e xuventude de Pontevedra	Non se especifican	Si se especifican
Vigo	Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística	Verán Xove 2015 (http://veran.xuventudevigo.org/)	Explícitos	Nenos/as e xuventude de Vigo	Entre 4 e 17 anos	Si se especifican

Fonte: Páxinas web municipais.

Os sete concellos son unánimes na preocupación de garantir a conciliación da vida familiar e laboral, nos termos recollidos no *Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento* que define as medidas de conciliación como “as propostas de actuación elaboradas polos concellos, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais” (art. 3.3).

En concreto, no organigrama municipal, son as concellerías vinculadas ao Benestar Social, Educación, Igualdade e Xuventude ás que asumen esta competencia nos sete concellos: na Coruña e Ferrol son as Concellerías de Xustiza Social e Coidados, e Benestar respectivamente, ás que asumen esta tarefa; Santiago de Compostela e Ourense integran estes programas en Educación e Igualdade; e Pontevedra e Vigo na Concellería de Xuventude, realizando unha oferta conxunta para a infancia e a mocidade. Os colectivos

aos que se destinan os programas de conciliación de verán son os nenos e nenas de Infantil e Primaria (3 a 12 anos) e as súas familias, ampliándose a oferta ata os 17 anos no caso do Concello de Vigo ao integrar no programa de Verán Xove as iniciativas dirixidas a infancia e mocidade conxuntamente.

En canto á tipoloxía de actividades que se inclúen nos devanditos programas cabe destacar: o xogo libre e dirixido, as actividades de expresión corporal, plástica e artística, as actividades deportivas, as actividades culturais na cidade, a educación ambiental e as saídas a natureza, e a educación para a igualdade. Unha variada oferta de iniciativas, que -máis alá do entretemento- deberán garantir o desenvolvemento de experiencias de ocio positivas que, contando con persoal especializado, guíe e acompañe aos nenos e nenas nos procesos de elección e de toma de decisións que implica a realización dunha actividade de ocio; resultando esencial a existencia de espazos e tempos libremente elixidos.

Recompilando as características mencionadas, presentamos na figura 1 unha nube de tags que nos dá

unha idea gráfica do que supoñen as medidas municipais adoptadas para promover a conciliación familiar no tempo estival.



Figura 1. Características das medidas de conciliación municipais

Reflexións finais

Anotamos, finalmente, a modo de conclusións algunhas reflexións derivadas das análises realizadas no presente traballo:

- A desvirtuación do termo conciliación que se interpreta como a esixencia de medidas de custodia, en vez da busca de alternativas máis ambiciosas (políticas de tempo de carácter integral) que permitan ás familias organizarse autonomamente e poder compartir tempos de lecer cós seus fillos e fillas.
- O papel clave dos concellos no desenvolvemento de medidas orientadas cara a corresponsabilidade, dado que as mulleres continúan a ser as que acusan de maneira máis intensa as dificultades de conciliación, continuando os seus tempos ao servizo do benestar familiar.
- A necesidade dunha aposta decida por parte dos municipios polo desenvolvemento de medidas de conciliación que posibiliten aos nenos e ás nenas ser protagonistas de vivencias de ocio positivas, nos que –ademais das actividades dirixidas– se reserven espazos para a toma de decisións e o xogo libre; ofrecendo desde a liberdade e o autotelismo escenarios de desenvolvemento persoal e comunitario.
- A importancia de incluír, nos programas de conciliación de verán que ofertan os municipios galegos, iniciativas que contemplan ás diversas dimensións do ocio (lúdica, creativa, festiva, ambiental-ecolóxica e comunitaria) e o

desenvolvemento da coeducación en espazos de relación que axuden ás nenas e aos nenos a sentirse protagonistas do seu propio proxecto vital, á vivencia de situacións reais de igualdade e á superación dos estereotipos de xénero.

Referencias

- Alcañiz, M. (2015). Género con clase: la conciliación desigual de la vida laboral y familiar. *RES*, 23, 29-55.
- Borràs, V., Torns, T. e Moreno, S. (2007). Las políticas de conciliación: políticas laborales *versus* políticas de tiempo. *Papers*, 83, 83-96.
- Caballo, M.B., Gradañlle, R. e Merelas, T. (2011). Servicios socioeducativos y corresponsabilidad en la conciliación de los tiempos familiares: situación de la infancia en la Galicia urbana. *Pedagogía Social. Revista interuniversitaria*, 20, 179-202.
- Cuenca, M. (1999). *Ocio y formación. Hacia la equiparación de oportunidades mediante la educación del ocio*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Diz, I. e Lois, M. (2013). As políticas de igualdade de xénero en tempos de crise. O caso galego. En E. Aguayo, A.J. López Díaz e A. González Penín (eds.). *I Xornada Universitaria galega en xénero: Roles de xénero en tempos de crise* (pp. 31-42). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e intercambio científico, Universidade de Santiago de Compostela.
- FAPAC e Fundació Catalana de l'Espai (2002). *Eduquem més allá de l'horari lectiu*. Barcelona: Diputació de Barcelona.
- Fraguela, R., Lorenzo, J.J. e Varela Garrote, L. (2011). Escuela, familias y ocio en la conciliación de los tiempos cotidianos de la infancia. *Revista de Investigación Educativa*, 29 (2), 429-446.
- Fraguela, R., Pose, H.M. e Varela Garrote, L. (2011). Nuevos tiempos para la acción socioeducativa municipal: deporte, educación y cultura. *Educación Social. Revista de intervención socioeducativa*, 47, 63-73.
- Morán, M. C. e Varela Crespo, L. (2011). Percepciones del profesorado de Educación Primaria sobre la conciliación de los tiempos escolares y familiares. En *XII Congreso internacional de Teoría de la Educación*, Barcelona. 20-22/10/2011. [Editada en CD-ROM].
- Rodríguez Galdo, M. X. (dir.) (2009). *Familia, cuidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Traballo, Xunta de Galicia